¡¡¡QUÉ VIVAN OS NENOS¡¡¡

Nova xornada de competición para os distintos equipos do Numancia. Outra fin de semana con malos resultados, salvados pola boa imaxe e boas sensación dos equipos de fútbol - 8 do Numancia.

MODESTOS: Dolorosa derrota no derbi ante o G. Mugardos "B" nun partido condicionado polas dimensións do terreo de xogo de herba artificial de A Pedreira. Pese a derrota, o Numancia sigue no zona alta con opcións de seguir loitando por chegar ó pódium da competición.

XUVENÍS: Boa imaxe dos xuvenís en Narón ante un dos equipos da zona alta que derrotou os numantinos pola mínima. Bo traballo e actitude dos rapaces que deberá refrendarse nos seguintes compromisos; o máis próximo ante o G. Mugardos en Prados Vellos.

CADETES: Empate que sabe a pouco ante o Racing de Ferrol "B" en Prados Vellos. Toca seguir traballando.

INFANTÍS: Derrota abultada en O Val duns infantís que soamente loitaron durante 60

minutos; nunha Liga que esixe traballo durante 80 e moito mais contra tan bos equipos. ¡¡¡A seguir aprendendo¡¡¡

FÚTBOL - 8 e BIBERÓNS: Na festa do fútbol - 8 en Prados Vellos os prebenxamíns venceron o G. de Caranza e siguen no liderato. Os benxamíns derrotaron o Portuarios "B" e continuan na zona alta. Os alevins foron capaces de vencer o Narón "B" e siguen mellorando e progresando nunha Liga moi igualada. ¡¡¡Así da gusto¡¡¡ Pero non esquezades que os resultados nestas categorías son anecdóticos; o importante e crecer e traballar como se está a facer semana tras semana en Prados Vellos.

En resumo, xornada negativa en canto a resultados. Haberá que traballar moito para melloralos.... quedarse cos bos momentos desta xornada e rezar tamén para que non se lastime ningúen; xa que últimamente tampouco estamos tendo sorte nese aspecto.

O Numancia somos tod@s.

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡